

GALIZA E IRLANDA: UNHA HISTORIA PARALELA... ATÉ A CHEGADA DAS REDES

O PROFESOR PATRICK O'FLANAGAN FALOU EN SANTIAGO DAS SEMELLANZAS E DIFERENZAS ENTRE OS DOUS PAÍSES EN MATERIA DE NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

A fasquia en liña da Irish Countrywomen's Association.

FALAR DAS SEMELLANZAS ENTRE GALIZA E IRLANDA É O RECURSO COMUNICATIVO ESTRELA ENTRE UN GALEGO E UN IRLANDÉS QUE SE ACABAN DE COÑECER. MOITOS DOS DETALLES DAS CUESTIÓN TEÑEN UNHA BOA PORCENTAXE DE INVENTADO, PERO ALGO DE VERDADE DEBE HABER PARA QUE VOLVAMOS SEMPRE SOBRE O MESMO E PARA QUE SIGAMOS [SÉCULOS DESPOIS DE TERNOS VISTO AS FACIANAS] A DETECTAR UN AQUEL DE FAMILIARIDADE.

Na cuestión da Sociedade do Coñecemento e máis concretamente da banda larga, as historias tamén semellan discorrer paralelas.

Temos unha illa, a irlandesa, con pouca poboación e moi dispersa xeograficamente onde até hai ben pouco as empresas de servizos de acceso a Rede non atopaban rendibilidade ó feito de espallala en todo o territorio, deixando franxas importantes do mesmo na escuridade dixital. O caso irlandés, en definitiva, egue a sermos familiar, malia as súas diferenzas (por exemplo: alí hai unha industria tecnolóxica moito máis desenvolvida).

Para falar del e da investigación ligada á Sociedade do Coñecemento, o profesor Patrick O'Flanagan (Universidade de Cork) participou este martes nuns

encontros en Santiago.

As xornadas, que foron organizadas polo Centro de Estudos Euro Rexionais de Galiza e Norte de Portugal (www.fceer.org) na Facultade de Historia en Compostela, serviron para abrir novas vías de colaboración entre grupos de investigación de seis universidades (Santiago, A Coruña, Vigo, Minho, Tras-os-Montes e O Porto).

Porén, os participantes na xuntanza non se limitaron a debater sobre a informática social e as súas moitas posibilidades neste eido xeográfico concreto, senón que se procurou en todo intre a colaboración con outros centros: a Universidade de Valencia (representada nas xornadas) e a de Cork, da que acudiu o profesor

O'Flanagan, "un vello coñecido de Santiago", segundo sinalaron os organizadores.

"En Irlanda hai neste intre unhas 44.000 organizacións que traballan en favor da chegada da banda larga".

O'Flanagan, que é especialista en xeografía e nas súas ligazóns coa informática social, falou entre outras cousas dos paradoxos irlandeses en materia de redes (teñen unha gran industria tecnolóxica pero, até hai ben pouco, escasa cobertura de banda larga) e do papel importante que están a xogar as asociacións sen arela de lucro no afianzamento da Internet e dos accesos alí onde xa non se contaba con ela (en amplas zonas do interior e do noroeste, lonxe das grandes cidades, case sempre coincidindo coas áreas máis deprimidas economicamente). O caso é que en Irlanda hai neste intre unhas 44.000 organizacións de todo tipo e actuando en espazos de moi variado tamaño (en todo o país, en condados ou en parroquias) e todas elas levan anos reaccionando a favor da chegada da banda larga, sobre todo de tres ou dous anos a esta parte, prazo no que se teñen solucionado (en parte) algúns dos problemas máis graves de cobertura.

"O seu papel", comentou O'Flanagan, "é moi importante porque presionan ó Goberno, e hai que ter en conta que todos os políticos que queren ter algún tipo de carreira e representación comezan formando parte destas asociacións; como por exemplo as aso-

ciacións deportivas, que están presentes en cada parroquia do país".

O investigador irlandés mesmo chegou a citar algúns exemplos de colectivos con gran influencia no afianzamento da banda larga: é o caso da Irish Farmer's Association (www.ifa.ie, que exerce unha gran presión sobre o Goberno) a National Ploughing Association (outra organización de peso) ou a Irish CountryWomens Association (www.ica.ie, entidade un pouco máis vinculada ó turismo e que reúne a unha gran cantidade de mulleres irlandesas, tendo tras de si un gran legado histórico). O'Flanagan achegou tamén datos de interese sobre a banda larga en si mesma:

- En Irlanda operan catro grandes compañías no sector.

- En 2005, o país estaba por debaixo da media europea no que se refería a penetración de banda larga, por detrás de España e Portugal. Porén, a situación mudou rápido e, aínda que queda moito por facer, os esforzos e a presión dunha boa parte dos colectivos cidadáns conseguíu poñer ó país nunha situación de meirande vantaxe.

- En Irlanda o ADSL é máis barato ca en España, que é o país da Unión Europea no que máis custa. A demanda dos cidadáns e a competencia entre as empresas nun escenario relativamente pequeno fixo posible que os prezos baixasen.

Máis información sobre o profesor O'Flanagan nestas ligazóns web:

- www.ucc.ie/academic/geography/pages/staff/oflanagan_p.htm (os seus datos na web da Universidade de Cork)

- www.xerais.es (na web da editorial galega inclúese a súa ficha en galego)

- www.aetg.org (a web da Asociación e o Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia inclúe información abonda sobre a visita que O'Flanagan fixo a Galiza na pasada primavera, convidado polas dúas entidades).

OBRAS FARAÓNICAS VERSUS APOSTA POLAS REDES

Tense falado moito do milagre tecnolóxico irlandés e da posibilidade de aplicalo con éxito en Galiza. Alén de que unha boa parte dos expertos en economía da nosa terra consideran que se podería trasladar o modelo con moitos visos de éxito, tamén hai que lembrar que unha boa parte deles piden un pouco de espírito crítico ó respecto. O ideal, din, sería seguir o modelo irlandés pero tendo sempre en conta as nosas características e sen caer en relacións de dependencia con grandes multinacionais (no caso de Irlanda, tense sinalado que hai un aquel de dependencia de grandes firmas dos Estados Unidos radicadas no xa famoso Silicon Valley). Con todo, a solución para o noso país pasa polo mesmo polo que pasou Irlanda: por investir os fondos europeos en tecnoloxías e máis en formación. O principal atranco co que nos atopamos os galegos e galegas é o seguinte: naquel país, o 11,6% do que facturan as empresas ten o seu xermolo e o seu soporte no comercio electrónico e na nosa terra isto non chega ó 1%.

Estes datos foron dados a coñecer en 2007 nunha reunión de especialistas procedentes dos dous países e convocados polo Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia. Entre eles atopamos (precisamente) a Patrick O'Flanagan, a raíz dunha das súas frecuentes visitas á nosa terra. Asemade, participou un dos investigadores galegos

que máis está a afondar nas semellanzas e diferenzas dos casos galego e irlandés perante os retos da tecnoloxía: Carlos Macías, profesor da USC e membro do IDESGA.


"En Irlanda houbo labor de planificación a finais dos noventa e aquí en Galiza non".

Para este investigador (do que por certo podemos ver unha interesante entrevista sobre a temática devandita na web sociedadainformacion.eu), a gran diferenza entre as políticas que se levaron a cabo na illa e en Galiza en materia de afianzamento tecnolóxico radica na planificación. Dito doutro xeito: ali houbo labor de planificación a finais dos noventa e aquí non. De feito, en Irlanda xa están co segundo plano estratéxico para desenvolver o emprego da Sociedade do Coñecemento. "Polo contrario", sinala, "aquí as cousas van saíndo". Asemade, o caso irlandés foi un caso de traballo conxunto, en contraste co que aconteceu en Galiza, onde cada administración, entidade ou colectivo foi ó seu aire, deixando tras de si unha situación moi desfavorable para o rural en materia de redes, a diferenza do que acontece na illa, onde chegou a practicamente todos os currunchos.

En definitiva, ali fíxose o posible a coordinación, e aquí mesmo se deu o caso de repetir iniciativas públicas cende diversos focos, achegando gastos e esforzos innecesarios.

Asemade, está a cuestión dos fondos europeos, do emprego máis ou menos axeitado que se lles deu dende ambos países. "Alli aproveitouse a entrada na UE para apostar pola innovación e deulles moi bos resultados; no caso galego fixéronse grandes obras faraónicas, e os resultados destas estratexias diferentes pódense ver hoxe", comenta.

Con todo, Macías considera que aínda hai tempo para emendar os erros, sobre todo a raíz da posta en marcha do Plan Estratéxico Galego para a Sociedade de Información (PEGSI).



Imaxe do Smyth's Pub en Dublin, vista no caderno de Thepicturedesk en Flickr.

Un caso concreto na nosa terra de inspiración Irlandesa

Restreando pola rede galega, sobre todo en iniciativas novas, é posible atopar algún que outro proxecto que segue certas liñas estratéxicas xa levadas á práctica en Irlanda, aínda que coas lóxicas adaptacións ás nosas circunstancias propias. Un exemplo disto é www.granjafamiliar.com, un portal web presentado recentemente pola Universidade de Santiago e no que está previsto que participen máis de trinta explotacións familiares dos concellos de Antas de Ulla e Brión. A iniciativa, que segue un pouco o consel de certas experiencias de investigación da Universidade de Cork e de www.granjafamiliar.com (web do concello de Elomio en Vizcaya), fíxose aberta á participación de outras granxas e non se deslucirá o espallamento da iniciativa a outras bis-

barras do país. En liñas xerais, consiste en achegar a estas familias as vantaxes de hestión, promoción e distribución que achega Internet. Con este fin, cada granxa contaría na dita web cun espazo para o seu uso, un microsite onde presentará os seus produtos concretos, ofrecendo servizos de información e a posibilidade de recibir visitas.

No proxecto participa a Universidade de Santiago, sobre todo atendendo ó valor da ferramenta web como sistema de información. Asemade, concorren os Concellos de Brión e de Antas de Ulla, Caixa Galicia, a Fundación Feiraco e máis Cáritas Diocesana de Santiago. O director científico é o mestre do Departamento de Xeografía da USC Carlos Ferrás Seixo.



A mesa redonda organizada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia.